

## andando a terra

### AS PENAS DE RODAS

Santiago de Compostela está fachendosa da súa catedral, A Cruña da Torre de Hércules, Pontevedra da eirexa de Santa María, Lugo das murallas romanas, Ourense das Burgas... E a parroquia de Santiago de Gaioso, no concello de Outeiro de Rei da Terra Chá, das Penas de Rodas.

Xa no século XVIII o Dr. Palleares Gaioso, na súa obra «*Argos Divina*» encol da Virxe dos Ollos Grandes de Lugo, fala, anque dun xeito marxinal, da terra de Gaioso.

A parroquia de Santiago de Gaioso está situada a poucos kilómetros de Rábade, pasado Uriz e despóis de atravesar o río Ladra. É terra de canteiros que deixaron, por toda a bisbarra, infindas mostras do seu bó arte de traballar a pedra l a cantería. Lembro, entre os canteiros de Gaioso, dun xeito moi especial, a Inocencio Palleiro, grande e pousón que fumaba unnos enormes cigarros, ó Dionísio, ó Xosé Antón de Bando que se adornaba cunhos inmensos bigotas, ó Emilio de Curutela, tan político é, tan fino, apaixado i atento leutor de «*El Ideal Gallego*». Tamén lembro a outros veciños de Gaioso, como o Barreiriña, tan miúdo i educado, tan ben fala-

diño, e que na súa mocidade andivera por Cuba. Contan que unha vez en Rábade, o Barreiriña estaba falando con ún dos maragatos allí establecidos. Como chegara a muller do maragato, con ese descaro que algunhos chaman franqueza, dixo asombrada ollando pró Barreiriña:

—¡Qué hombre tan pequeño!

O Barreiriña, sin voltar a testa, respostou agudo como un alio, señalando ó mouro da unlla do dedo pulgar:

—As esencias, señora, veñen en frasquiños así.

Santiago de Gaioso —hai tamén a parroquia de Francos de Gaioso— tivo as súas feiras o día tres de cada mes, que se celebraban nun campo situado na aba dun monte, ben sombreado de carbalios e cos seus casetos de cantería. As feiras de Gaioso, ó ir medrando as de Rábade, que se celebran o día dous, foron esmorecendo pouco a pouco, deica ir desaparecendo totalmente, xa hai ben anos. Hoxe o campo da feira de Santiago de Gaioso é un lugar que utilizan os poucos canteiros que non están na emigración, pra labrar a cantería. Alí siguen os carbalios, mudos e tristeiros, escoitando a música metálica de martelos e cincetes. Os casetos vanse esborallando.

Despóis do campo da feira, rubindo cara ó monte, e a un kilómetro cocáis un pouco escaso, están as Penas de Rodas. Dende alás pódese ollar a toda a Terra Chá ou boa parte dela.

As Penas de Rodas veñen rotatadas na *Geografía del Reino de Galicia*, que editou a *Casa Martí*, de Barcelona polos anos

vinte e moitos, no tomo correspondente a provincia de Lugo que escribira o erudito don Manuel Amor Meilán. Son dous pedras moi grandes, redondas, postas sobor dunha pena, desafiando as leis da gravidade. A súa outura debe ser aproximadamente dunhos dez metros, máis ou menos l o seu diámetro dunhos cinco metros. As penas están xuntas, apegada unha á outra. A súa contemplación é impresioante. Aínda que a súa feitura se debe, evidentemente, á erosión, semellan labradas pola mau do home. As Penas de Rodas son como dous ollos gigantescos, postas no outo do monte de Santiago de Gaioso, a espreitar a Terra Chá.

Nas Penas de Rodas hai unhas inscricións, que non sei si son modernas ou non e que a miña pouca sabencia non soupo descifrar nin interpretar. Non conozo tampouco ningún estudo sobor delas.

As xentes da bisbarra contan, referida as Penas de Rodas, a lenda da trabe de ouro e da trabe de alquitrán. Unhas das penas está chea de ouro. A outra está chea de alquitrán. Non se sabe —nin hai xeito de averigualo— cal é a pena que está chea de ouro e cal é a que está chea de alquitrán. Si se fenden as penas, e se dá coa que está chea de ouro, o que o faga queda do-

no dun gran tesouro. Si a que se fende é a que está chea de alquitrán, entón arde o mundo sin remisión algunha. E non coñozo máis lendas ou ditos encoi destas penas singulares, aínda que sospeito que, por forza, tén que haber algunha máis.

Nos meus intres de vagar compuxen unha «*Cancionciña ás Penas de Rodas*» e que non resisto a transcribir:


*En Gaioso, ollando a Chá,  
hai dúas penedas erqueitas.  
¡Semellan non ser verdá  
redondeces tan ben feitas!*

*As Penas de Rodas son  
dous ollos aluciedos  
que esplan con atención  
os oídos máis alonxados.*

*Si ambas penas se desfán  
arde, co mundo, un tesouro:  
¡Unha pena é de alquitrán,  
a outra unha trabe de ouro!*

*Non sodes, non, cantería,  
ouh penas de encantamento.  
¡Temo que calqueira día  
vos poida levar o vento!*

Si: as Penas de Rodas tan airosas, tan estranas, tan pesadas e leves ó mesmo tempo, non me estranaría que un día calqueira as leve o vento. Ese vento que chega do Cantábrico e que, nas invernias, gallopa a Terra Chá como un cabaio da grea desbocado.



Por M. HORTAS VILANOVA